

## UNIDADE 5. ACTIVIDADES DE AUTOAVALIACIÓN.

### Πράξις 1:

1. Cita algunhas palabras relacionadas etimoloxicamente con: μακραῖς, κόλπος, συνωνύμως, γῆ, ἔξω, μέρος, σχῆμα .

### Πράξις 2:

3. Clasifica os seguintes helenismos: *acróbata, cibernética, idea*.  
4. Que clase de composto son *asinoterapia, pansexualismo, sulfhídrico*

### Πράξις 3

5. Que significaban literalmente *anfiteatro, cataclismo e cátedra*?  
6. Que elementos gregos forman a palabra *diálogo e metáfora*?

### Πράξις 4

7. Con que sufixo grego dos vistos nesta unidade están relacionadas as seguintes palabras? Cal é o seu significado de acordo co devandito sufixo? *Ecoloxista, cráter, poliandria, dilema, político, diálise, poeta, hepatite, marasmo*.

### Πράξις 5:

8. A qué tipo de relación entre os dous membros do composto dos sinalados crees que corresponderían os compostos ἀκρόπολις lit. 'cidade alta', ἀνδρόφαγος 'comedor de homes' e κεφαλαλγής 'que produce dor de cabeza'?
9. Que significaba *hipopótamo*? ¿E *ecónomo*?

## SOLUCIONARIO

### Πράξις 1:

1. Cita algunhas palabras relacionadas etimoloxicamente con: μακραῖς, κόλπος, συνωνύμως, γῆ, ἔξω, μέρος, σχῆμα .

**μακραῖς** O primeiro elemento do composto *macro-* ‘grande, longo’, que xa está presente en compostos antigos como μακρό-βιος *lonxevo*, μακρο-θυμία *magnanimidade*. Con este primeiro elemento fórmanse en galego: *macrobiótico*, *macrocéfalo* de μακροκέφαλος, *macrocosmos*, *macroeconomía*, *macromolécula*, *macroscópico*, *macrospora* con un segundo elemento σπορά *semence*

**κόλπος** galego *golfo* a través do lat. vulgar *colphus* ‘gran porción de mar que se interna na terra entre dous cabos’.

**συνωνύμως** *sinonimia*, *sinonímico*, *sinónimo*.

Da raíz de γῆ ‘terra’: xeocéntrico, xeodesia de γεωδαισία *división da terra* (cun segundo elemento de δαίνυμι / δαίνομαι *dividir*), xeofísica, xeografía, xeoloxía; apoxeo ἀπόγειος/ ἀπόγειος a través do lat. *apogeus* ‘punto da órbita da Lúa no que se atopa máis afastada da Terra’; epixeo de ἐπίγειος/ ἐπίγειος ‘que está sobre a terra’, termo botánico, referido ás partes das plantas que se desenvolven sobre o solo, hipoxeo de ὑπόγειος a través do lat. *hypogaeum* *construción subterránea para enterramentos*.

Co adv. ἔξω *fóra* fórmanse un primeiro elemento de composto *exo-* *ex-* co mesmo significado en *exocrino* (cun segundo elemento de κρίνω *separar*) ‘dise das glándulas que verten a súa secreción ao tubo dixestivo ou ao exterior do organismo, ou por extensión, de dita secreción’; *exoesqueleto*; *exoftalmia* ‘situación saínte do globo ocular’ (cun segundo elemento de ὀφθαλμός *ollo*); *exogamia* ‘regra ou práctica de contraer matrimonio cun cónxuxe de distinta tribo ou ascendencia ou procedente de outra localidade ou comarca’ (cun segundo elemento de γαμέω *casarse*); *exóxeno* ‘dise do órgano que se forma no exterior de outro, como as esporas de certos fungos’.

**μέρος** *parte*; con este significado funciona en galego como sufixo *-mero/a* en *anisómero* ‘dise do órgano formado por partes desiguais’, *isómero* de ἰσομερής *de partes iguais*, a través do fr. *isomère* ‘aplicase aos corpos que, con igual composición química, teñen distintas propiedades físicas’, *polímero* de πολυμερής *composto de varias partes* ‘composto químico, natural ou sintético, formado por polimerización e que consiste esencialmente en unidades estruturais repetidas’, *trímero* ‘insectos coleópteros, que teñen en cada tarso tres artellos ben desenvolvidos e un rudimentario, como a avoíña’; falando de métrica temos *cesura triemímera*, *pentemímera*, *heptemímera* cando vai respectivamente despois do terceiro medio pé, do quinto medio pé ou do sétimo medio pé.

De σχῆμα *forma, figura*, temos en galego *esquema* ‘representación dunha cousa atendendo só ás súas liñas ou caracteres máis significativos’ e os seus derivados *esquemático* de σχηματικός a través do lat. *schematicus*, *esquematismo* de σχηματισμός a través do lat. *schematismus* ‘procedimento esquemático para a exposición de doutrinas’ e o derivado moderno *esquematizar* que cobre o campo semántico do verbo σχηματίζω e está formado co mesmo tipo de sufixo: galego *-izar*, grego *-ίζω*.

### Πράξις 2:

#### 3. Clasifica os seguintes helenismos: *acróbata, cibernética, idea*.

**acróbata** é un neoloxismo creado sobre ἄκρος *alto, elevado* e βαίνω *andar*.

**cibernética** é un neoloxismo creado sobre κυβερνητική *a arte de gobernar unha nave*. O cambio semántico substituíu “nave” por “ordenador”;

**idea** helenismo patrimonial recibido a través do latín.

#### 4. Que clase de composto son *asinoterapia, pansexualismo, sulfhídrico*

**Asinoterapia** composto híbrido, é un cultismo de recente creación formado sobre o latino *asinus* ‘asno’ e o grego θεραπεία *coidado* ao que se lle dá o significado de ‘terapia con burros’ para persoas con deficiencias psíquicas que melloran o seu estado cando coidan asnos;

**Pansexualismo** (‘doutrina de Freud que fai derivar todas as forzas psíquicas do impulso sexual’) composto híbrido, cultismo formado sobre a raíz grega *pan* ‘todo’ e a raíz latina *sexus* ‘sexo’, máis o sufixo de derivación *-ismo* ‘teoría, doutrina’, de orixe grega;

**sulfhídrico** tamén composto híbrido, cultismo formado sobre a raíz latina *sulfur* ‘xofre’ e la raíz grega ὕδωρ.

### Πράξις 3

#### 5. Que significaban literalmente *anfiteatro, cataclismo e cátedra*?

**Anfiteatro**, de gr ἀμφιθέατρον, significaba que pode ser visto desde ámbolos dous lados;

**cataclismo** significaba inundación (de κατακλύζω *encherse de auga de arriba abaixo*);

**cátedra** significaba ‘asento, trono’.

#### 6. Que elementos gregos forman a palabra *diálogo e metáfora*?

**Diálogo** está formada por διά *a través de*, λόγος *palabra*

**Metáfora** está formada por μετά e φορά *palabra que significa literalmente traslación*).

### Πράξις 4

#### 7. Con que sufixo grego dos vistos nesta unidade están relacionadas as seguintes palabras? Cal é o seu significado de acordo co devandito sufixo? *Ecoloxista, cráter, poliandria, dilema, político, diálise, poeta, hepatite, marasmo*.

**Ecoloxista**. -(ι)στής, galego -(i)sta. Expresa acción de ou condición de ser partidario de algo. *Partidario ou defensor da ecoloxía*.

**Cráter**. -τηρ galego -ter. Forma nomes de axente, que designan ao responsable da acción. *Instrumento que serve para mesturar*. Procede do substantivo κρατήρ *copa grande para mesturar a auga e o viño* (κεράννυμι *mesturar*). A semellanza da forma deste ‘mesturador’ coa das simas volcánicas fixo que estas recibiran o nome de

*cráter.*

**Poliandria.** sufijo grego -εια, -ία, galego -ia. Forma substantivos de acción ou cualidade. *Situación da muller que se casa con varios homes.*

**Dilema.** -μα, galego -ma. Indica resultado dunha acción. Situación na que hai que escoller entre dúas propostas.

**Político.** -ικός, galego -ico. Expresa relación ou pertenza. O que pertence á πόλις ou está en relación con ela.

**Diálise.** -σις, galego -se. Forma nomes de acción. Proceso de disolución ou división de algunha cousa.

**Poeta.** -τής galego -ta. Forma nomes de axente. *O que fai algo.* Especificamente poesía. De ποιέω *facér, crear.*

**Hepátite.** -ίτις, galego -ite. Inflamación. *Inflamación do fígado.* De ἥπαρ, ἥπατος fígado.

**Marasmo.** -(ι)σμός, -ιασμός, galego -(i)smo, -iasmo. Expresa actividade ou condición de ser partidario de algo. *Tendente ao decaemento ou fraqueza.* De μαραίνω *apagar, murchar.*

#### *Πράξις 5:*

**8. A qué tipo de relación entre os dous membros do composto dos sinalados crees que corresponderían os compostos ἀκρόπολις lit. 'cidade alta', ἀνδροφάγος 'comedor de homes' e κεφαλαλγής 'que produce dor de cabeza'?**

ἀκρόπολις corresponde ao tipo 4 (corresponde a un sintagma de adxectivo e substantivo),

ἀνδροφάγος ao tipo 5 (corresponde a un verbo máis complemento directo),

κεφαλαλγής ao tipo 2 (corresponde a un xenitivo seguido da palabra á que complementa).

**9. Que significaba *hipopótamo*? ¿E *ecónomo*?**

*Hipopótamo* significaba 'cabalo de río',

*Ecónomo* significaba 'que administra a casa', aínda que modernamente adquiriu un sentido específico 'persoa que coida da administración dos bens eclesiásticos'.